

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VIA ALFOZ SOBRE A NECESIDADES DE CUBRIR AS BAIXAS DOS MÉDICOS DO CENTRO DE SAÚDE

Ao abeiro do disposto no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo R.D. 781/86 de 18 de abril e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo R.D. 2568/86 do 28 de Novembro, e da Lei 5/1997 do 22 de Xullo da Administración Local de Galicia, o Grupo Municipal de Via Alfoz presenta a seguinte **MOCION** para a súa discusión no **PLENO**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Centro de Saúde de Alfoz, pertencente ao Servizo Galego de Saúde (Sergas), presta á veciñanza de Alfoz un servizo fundamental para a promoción da saúde, vixilancia, información, diagnóstico e tratamento, sendo polo tanto imprescindible que para ditos servizos se conte cun número adecuado de profesionais.

Actualmente, o Centro de Saúde de Alfoz, da servizo a uns 1.500 usuarios, atendidos por dous médicos, necesarios para garantir unha correcta atención primaria.

Desde o Grupo Municipal de Via Alfoz facémonos eco das queixas dos usuarios do Centro de Saúde de Alfoz, comprobando que durante os últimos meses se prestaron os servizos de atención primaria cun só médico, xa que o Servizo Galego de Saúde (Sergas) non cubre a praza dos médicos que se atopan de vacacións ou en situación de baixa laboral, desviando ademais os recursos a outros centros de saúde de concellos próximos. Esta situación séguese producindo a día de hoxe, coa baixa por maternidade dunha doutora e, probablemente, se vai prolongar durante as próximas datas.

En Via Alfoz considérase que non se pode consentir a desculpa do Sergas de que a sobrecarga de traballo do Centro de Saúde de Alfoz non é excesiva, baseándose unicamente no ratio máximo desexable de pacientes por galeno, xa que a situación de cada centro de saúde é diferente, e no caso de Alfoz débese ter en conta a existencia de pacientes de avanzada idade, sendo o número de asistentes a consulta mais elevado que noutros centros. Tamén se debe ter en conta a dispersión da poboación de Alfoz, que fai que as visitas domiciliarias provoquen que o centro de saúde quede sen médicos en determinadas horas.

Por este motivo son moitos os veciños e veciñas que quedan desatendidos ao non poder asumir un só médico toda a carga de usuarios, situación que se agravará no caso de xurdir algunha urxencia.

É por iso, que o Grupo Municipal de Via Alfoz propón ao Pleno que se tome o seguinte

ACORDO:

Solicitar á Xerencia de Atención Primaria do Servizo Galego de Saude e á Xerencia de Xestión integrada de Lugo, Cervo e Monforte que proceda a cubrir as baixas dos médicos, que se atopan de vacacións ou en situación de baixa laboral, para a correcta atención dos usuarios do Centro de Saúde de Alfoz.

En Alfoz, a 23 de xaneiro de 2023



Asdo. Efigenia Maseda Paz
Voceira do Grupo Municipal de Via Alfoz

Alcalde - Presidente do Concello de Alfoz